

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: RES INCIO EXPTE CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024.

EXPEDIENTE: 2024/G003/000817

Vista a subvención concedida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024 (PR486A), para AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS, cun orzamento con IVE que ascende a corenta e oito mil trescentos oitenta e sete euros con noventa céntimos de euro (48.387,90 €), financiado na cantidade de trinta e tres mil oitocentos setenta e un euros con cincuenta e tres céntimos (33.871,53 €), con cargo á referida subvención.

Vista a Memoria valorada de AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial José Ignacio Miguélez Penas, cuxo importe ascende a corenta e oito mil trescentos oitenta e sete euros con noventa céntimos de euro (48.387,90 €).

Visto o informe de necesidade relativo á AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS, elaborado pola alcaldía, de data 12 de febreiro de 2024, e incluído na Memoria da Alcaldía de data 25 de xuño de 2024 no que se indica a necesidade de proceder á contratación.

Visto que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, considera necesario que se tramite un contrato para AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS, tal e como se indica no informe de necesidade indicado.

Considerando que, de acordo co indicado, o importe ascendería a corenta e oito mil trescentos oitenta e sete euros con noventa céntimos de euro (48.387,90 €) desglosados

en trinta e nove mil novecentos noventa euros (39.990,00 €) máis oito mil trescentos noventa e sete euros con noventa céntimos de euro, de IVE (8.397,90 €).

Considerando que foi incorporado ao expediente certificado de existencia de crédito de data 30 de maio de 2024, e o informe de xustificación da non división en lotes de data 5 de xuño de 2024.

Visto o artigo 116 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e considerando a competencia da Alcaldía para a adopción deste acordo (Decreto da Alcaldía de 27 de xuño de 2023, res. 783/2023)

RESOLVO:

Primeiro.- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS de acordo ca Memoria xustificativa da necesidade do investimento asinada pola Alcaldía en data 12 de febreiro de 2024, que se adxuntou á solicitude da subvención da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes convocada por Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024 (PR486A) e que se incluíu na Memoria da Alcaldía para a presente contratación de data 25 de xuño de 2024:

“ 1.- Introducción:

O parque infantil dos Tilos é un punto de encontro vital para a comunidade de Teo. Non só é un lugar onde os nenos e nenas poden xogar e divertirse, senón que tamén serve como un espazo de reunión para as familias e a súa contorna é unha área de espaxamento para persoas de todas as idades.

Con todo, nos últimos anos, o parque ven experimentando un aumento na súa demanda e existen unha serie de desafíos relacionados coa obsolescencia das súas instalacións e a limitación da súa capacidade para satisfacer as necesidades dos usuarios.

2.- Xustificación da necesidade:

2.1. Crecente demanda:

O parque infantil dos Tilos é un lugar moi popular entre as familias desa parroquia e dos arredores, especialmente nas fins de semana e durante as vacacións escolares.

A poboación infantil da zona é das mais grandes do Concello e o incremento das actividades de lecer e tempo libre entre as familias xeraron unha demanda cada vez maior de espazos de xogo e entretemento ao aire libre.

Como resultado, o parque actualmente en funcionamento non é abondo para atender a esta demanda, o que provoca aglomeracións e dificulta o acceso aos xogos e áreas de xogo.

2.2. Necesidade de ampliación:

Debido á gran demanda que teñen as instalacións e ao incremento paulatino do número de usuarios, consideramos preciso o aumento da xogabilidade do parque.

Mediante esta actuación duplicaremos esa xogabilidade ao mesmo tempo que incrementaremos a idade de uso das instalacións coa provisión dos novos elementos de xogo.

A ampliación destes elementos é fundamental para garantir un entorno seguro e adecuado para o xogo e a recreación do número de usuarios, nenos e nenas, da comunidade.

2.3. Desenvolvemento económico e turístico:

Un parque infantil atractivo e ben mantido pode servir como un punto de referencia para os visitantes e turistas que viaxan á área. Ao mellorar as instalacións e atractivos do parque, podemos contribuír ao desenvolvemento económico local e axudar a promover o turismo na zona.

2.4. Desenvolvemento comunitario:

O parque infantil non só é un lugar de lecer e entretemento, senón tamén un punto focal da vida comunitaria en Teo. A súa ampliación e mellora non só beneficiará aos nenos e

nenas, senón tamén ás familias e aos residentes locais. Un parque infantil renovado e modernizado non só fomentará o vencello social e a interacción entre os veciños, senón que tamén pode ter un impacto positivo na saúde e no benestar emocional da comunidade en xeral.

2.5. Estímulo da creatividade e a imaxinación:

A incorporación de novos xogos e áreas de xogo ofrecerá oportunidades para que os nenos e nenas exploren, descubran e experimenten novas formas de xogo e expresión creativa. Estes espazos axudarán a estimular a súa imaxinación e creatividade, promovendo o desenvolvemento cognitivo e emocional.”

Segundo.- Aprobar a actuación a realizar e iniciar o procedemento de contratación da AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS, cuxo orzamento ascende a corenta e oito mil trescentos oitenta e sete euros con noventa céntimos de euro (48.387,90 €) desglosados en trinta e nove mil novecentos noventa euros (39.990,00 €) máis oito mil trescentos noventa e sete euros con noventa céntimos de euro, de IVE (8.397,90 €), por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. de expediente SB-1/2024.

Terceiro.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe

Virginia Fraga Diaz